

LÓPEZ ARRANZ, M.^a A. (2015) *La formación profesional en el sector naval: referencia especial al caso de la escuela de aprendices de «Bazán»*. Cizur Menor, Thomson Reuters Aranzadi, 156 pp.

José López Coira

Universidade da Coruña, Departamento de Dereito Público, Facultade de Ciencias do Traballo,
Esteiro, 15471 Ferrol, España

Recibido: 13/03/2017

Aceptado: 31/03/2017

1. A formación profesional que, nun momento da historia do traballo, ofreceron as empresas foi de grande importancia para a cualificación dos seus futuros empregados. É o caso da impartida a mozos e mesmo nenos pola industria naval de Ferrol, tanto dentro das instalacións como fóra delas, a través das súas escolas. Nun momento en que o Estado non se ocupaba das ensinanzas encamiñadas ao acceso ao mundo laboral e, por tanto, a clase obreira estaba pouco especializada, a industria naval iniciou, xunto á construción dos novos estaleiros, un importante labor social, cultural e laboral nesta materia.

Os devanditos feitos, cos seus avatares, quedan magnificamente reflectidos nesta obra, en que se realiza unha minuciosa análise da normativa laboral e xurídica da época, sen esquecer, por outra banda, a concepción social da figura dos aprendices en España, que podería considerarse un precedente das medidas de responsabilidade social aplicadas na actualidade. A forma en que a Empresa Nacional Bazán, do mesmo xeito que a súa antecesora, se implicou na formación profesional dos seus aprendices para obter man de obra cualificada, escasa naqueles momentos, é moi significativa ao respecto.

2. A estrutura da obra artículase nunha introdución e tres capítulos ben diferenciados, a que poñen o ramo as conclusións da autora e a bibliografía. Cada un dos capítulos testemuña unha época vivida canto á formación de aprendices, mantendo un exhaustivo e elegante relato da normativa laboral e educativa. Todo iso vains dando unha idea da realidade educativa e laboral dunha época pasada de España.

a) Na introdución faise un achegamento á formación profesional no sector dos estaleiros navais ferroláns desde unha tripla perspectiva: antes de 1908, en institucións militares; desde 1908 ata 1991, na propia empresa; e fóra da empresa a partir de 1992.

b) No primeiro capítulo, «La formación profesional en el sector naval antes de la constitución de la empresa nacional “Bazán”», a autora fainos partícipes das normas e os materiais que lle serviron de base para a súa investigación, así como da metodoloxía que seguiu. A seguir, traza a crónica do nacemento das escolas de formación profesional no sector naval e dos obstáculos que cumpriu superar para que estas fosen unha realidade.

c) O segundo capítulo, «El protagonismo estelar de la formación profesional en la empresa nacional “Bazán”», que é tamén o máis extenso, comeza co estudo da Lei do 11 de maio de 1942, pola que se crea unha empresa autónoma que se vai encargar de executar os programas navais e as súas obras complementarias. Esta empresa non foi outra que a Empresa Nacional Bazán e a mencionada lei resultou determinante para cambiar o rumbo dos estaleiros e das súas escolas.

Analízase aquí a formación profesional na Empresa Nacional Bazán, que estableceu dúas escolas nas instalacións que recibiu: unha de preaprendizaxe ou iniciación profesional; e outra de formación profesional ou aprendizaxe. Examínanse de maneira detallada, amais dos estudos que recibían, as vicisitudes polas que pasaban os aprendices desde o momento en que accedían ás escolas até seren empregados pola empresa, que quedaba obrigada a continuar coa súa formación por contrato.

d) No terceiro e último dos capítulos, «La formación profesional tras desaparición de la Escuela de Formación Profesional de Aprendizaje de la Empresa Nacional “Bazán”», fálanse dos profundos cambios que sufriu formación profesional a partir da promulgación da Lei 14/1970, do 4 de agosto, xeral de educación e financiamento da reforma educativa, a partir da cal os poderes públicos pasaron a asumir as súas directrices.

3. Nesta obra sobre a formación profesional en España no século XX, a través do estudo do que foron e representaron as escolas de aprendizaxe da Empresa Nacional Bazán, débúllase cunha linguaxe clara, de maneira gradual e rigorosa, a evolución da aprendizaxe no noso país e o importante papel que as industrias xogaron até o momento en que o Estado se fixo cargo dela. Ao tempo, permítenos coñecer a vida nas escolas da Bazán e valorar o esforzo desta empresa por mellorar a cualificación dos seus traballadores. É ademais, como ben di a propia autora, un relato xurídico-laboral para termos en conta no tocante á planificación da aprendizaxe dos nosos mozos, hoxe tan duramente tratados polo desemprego.